

# NO EXISTEN 36 MANERAS DE MOSTRAR CÓMO UN HOMBRE SE SUBE A UN CABALLO

# 1227

Nicolás Zukerfeld, 2020

---

ESTREA EN NUMAX: 22.01.2024 | V.O. | 63 min

Algũa vez o director norteamericano Raoul Walsh dixo: "Non existen trinta e seis maneiras de amosar a un home que se sube a un cabalo". Unha declaración de principios que establece a forma da linguaxe clásica. Un profesor de cinema arxentino comeza unha investigación en torno á orixe desta frase, sen decatarse que a súa obsesión o levará a meterse nun laberinto de cinefilia conformado por detectives no afastado oeste.

Á sesión súmase a proxección da curtametraxe "Unha película hecha de" (2020, 12 min.) dirixida por Malena Solarz e Nicolás Zukerfeld e filmada en Vigo. As creadoras virán acompañadas do tamén director Ángel Santos para presentalas.

«Unha empresa épica, imposible, herzogiana e ao mesmo tempo tan sinxela e elemental coma unha frase, unha definición sobre a esencia do cine»

Diego Batlle, OTROS CINES

---



# NO EXISTEN 36 MANERAS DE MOSTRAR CÓMO UN HOMBRE SE SUBE A UN CABALLO

Nicolás Zukerfeld, 2020

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## Entrevista con Nicolás Zukerfeld e Malena Solarz «A simpleza de Walsh é un engano xa que se fai dunha maneira moi complexa e misteriosa»

Por Paulo Pécora

### **Como xurdiu a idea da apropiación de imaxes dos filmes de Walsh?**

Nicolás Zukerfeld [NZ]: A idea da apropiación naceu do propio concepto da película. Resultábame a forma máis natural de poñer en escena e probar a frase de Walsh baixo todas as variables posibles. Realmente non existen 36 maneiras de filmar como se monta dacadalo? Queríamos xogar, investigar e comprobar se iso era realmente así. E ao abrir o xogo a outras miradas, aos poucos empezouse a poñer en crise esa comprobación.

Malena Solarz [MS]: A apropiación non é só dos fragmentos das películas, é tamén da propia frase de Walsh. Xa a cita mesma é unha forma de apropiación. O punto de partida era esa idea de comprobar, pero logo deixamos que eses fragmentos falasen por si mesmos, xa que non buscábamos facerlles dicir o que nós queríamos escoitar ou saber. Non había unha idea didáctica ou enciclopédica, senón só probar coas ferramentas que nos daban esas películas académicas. Poñelas a xogar máis que a funcionar. Liberalas da súa función educativa e xogar un pouco con elas.

**Cal foi o criterio de selección e montaxe das escenas de Walsh?** NZ: Agarramos toda a filmografía de Walsh, as súas 140 películas, e dividímolas entre sete persoas. O primeiro obxectivo foi buscar esas películas e descargalas na mellor calidade posible. Cada un tiña que ver e buscar cabalos. Logo xurdiu a idea de buscar portas tamén. Foise expandindo a procura. Cando reunimos todos os fragmentos, Paula Saidón organizounos e pasounos a todos a un mesmo formato para facilitar a tarefa. Empezamos a buscar patróns e clasificacións formais de todo tipo: formais, temáticas, de movemento, xestos, ton, actores, remakes, accións, sons, etcétera. A montaxe baseouse na repetición e variación dos fragmentos. Algo musical, como tocar a mesma melodía con outras imaxes. A nosa curta *Una película hecha de* (2020) foi unha transición cara a esta película, porque nos probou que a voz en off en terceira persoa podía funcionar. É un filme que une patróns visuais de maneira poética, no que nos reencontramos co gusto pola montaxe e as súas posibilidades expresivas.

**Que importancia ten o cinema de Walsh e por que o elixiron entre tantos outros cineastas clásicos?** NZ: Walsh é o cineasta máis transparente do cinema clásico, tan transparente que mesmo parece non ter un estilo. Por iso interesábame traballar con Walsh e non con John Ford, por exemplo. Porque Walsh era un director moi heteroxéneo que filmou moitos xéneros e que como moitos outros cineastas de Hollywood era moi remiso a dar explicacións de como filmaba, case coma se non tivese que tomar decisións. Para eles o cinema era simple, tanto que só facía falta unha cámara para facelo. Pero esa simpleza é un engano, xa que se fai dunha maneira moi complexa e misteriosa. E ese misterio é o que tratamos de investigar: Como é o cinema clásico? Como eses directores pensaban o cinema clásico?

MS: Esa aparente simplicidade, esconde en realidade unha gran complexidade e un misterio. Estes cineastas sabían todo iso, tiñan moito oficio, e tiñano tan incorporado que podían facelo case sen pensalo. Era parte do seu facer cotián. Algúns deles facían cinco películas ao ano. E hai unha posición filosófica, política e ideolóxica fronte á arte: ordenar o mundo para que podamos dixerilo e aprender del. A nosa intención era tratar de falar diso, poñelo en discusión e en conversación.